

FARO DA CULTURA

n.º 286 • Xoves, 16 de abril de 2009

Coordina: Xosé Ramón Pena

Un dos grandes filmes de Liliana Cavani é o titulado *A pel*, unha cinta onde se narra a vida en Nápoles durante a crise provocada pola II Guerra Mundial. Daquela, a pel era a moda de cambio. A pel era o que envolvía o corpo das cohortes inimigas, o que vestían os militares amigos e o primeiro que había que salvar.

Noutra das míticas películas da cineasta, *Porteiro de noite*, céntrase a narración arredor dunha relación masoquista na Alemaña nazi; desa volta a pel era sensualidade, fetichismo e poder. Hoxe en día, na súa doutra crise mundial, a pel volve servir como linguaxe visual da moda para representar a forza do atemporal.

É coñecido que unha das primeiras aplicacións masivas do coiro tivo lugar no exército romano e, de feito, unha das causas da guerra entre Roma e Cartago estivo no control do mercado do coiro. Daquela as cohortes vestían cunha pel mítica semellante á do heroe Hércules, quen levaba un león curtido por todo uniforme.

Na Idade Media emerxe o emprego do pergamiño, derivado do coiro, como soporte para a escrita, decaendo o emprego do papiro por causa do declive das vías comerciais romanas. O coiro aparece desta volta como soporte do poder intelectual. Na Baixa Idade Media despunta a produción do coiro repuxado, ou cordobán, en Córdoba. Unha tradición que produciu todo tipo de obxectos e mesmo paredes enteiras de coiro labrado que se instalaron nas casas máis suntuosas de todo o mundo.

A evolución propiciada polas revolucións industriais estableceu as bases para o tratamento contemporáneo do coiro en actividades de produción masiva e mesmo no eido do deseño contemporáneo. No século XIX, coa novela *A Venus das peles* do escritor austríaco Leopold von Sacher-Masoch, fai aparición no mundo moderno a idea do fetichismo do coiro. O autor propuña unha poderosa muller-lexionario, unha venusiana vestida con coiro. Ese interese pola vestimenta de pel como pertencente ao universo do gótico e escuro segue a ter sona nos nosos días. Esta tempada unha exposición no Fashion Institute of Technology de Nova York abundaba na teima. Mentres,

Na xeira do coiro stretch

ROMÁN PADÍN OTERO



A pel Da pel

en España, Ana Laura Aláez ten feito esculturas con cazadoras de coiro e pezas de látex. A neoiorquina Nancy Grossman, da súa parte, ten feito esculturas de efíxie de busto con cabezas atormentadas por correaxes de coiro. E antes diso, as fotografías de Robert Mapplethorpe ou o estilo de Lou Reed tomaban tamén o universo *leather* como icona.

Nos nosos días, todo se mestura para crear bens de consumo na chamada cultura do espectáculo. Tómase do pasado o valor simbólico e defensivo da pel e actualízanse prácticas fetichistas de cimonónicas con coiro. O sistema da moda fagocita todas esas épocas, e de xeito senlleiro reproducéas nestas tempadas de crise nas que vivimos. O galego José Castro deseñou a súa colección outono inverno inspirándose no diálogo entre as peles con gran volume de pelo longo e a pel tratada como coiro. Con ela crea unha silueta de muller preparada para pilotar unha nave espacial no film *Blade Runner*. Nas pasarelas internacionais, o modisto Jean Paul Gaultier, para Hermès, creou uns traxes en peles suntuosas como o lartigo, a serpe e mais o coiro forrado de visón, concibidos para unha dona que guía con resolución tanto as redesas da súa vida como as do cabalo, a aeronave ou a moto nas que monta. Un clásico do coiro con aires fetichistas, da estética *slim* ou axustada, é Jean-Claude Jitrois. Este inventor do coiro stretch propón dende camisas de coiro até traxes de noite do mesmo material, roupas para seducir que destacan no vindeiro inverno. Outro clásico do *hard core*, ou liña perfilada e dura no deseño, é Thierry Mugler, quen propón todo un vestuario de home en coiro, adecuado para superar as doce probas do Hércules hipermoderno. En fin, Stuart Vevers, para Loewe, e Stefano Pilati, para Yves Saint Laurent, fixeron unhas sincopadas alternativas de coiro para o día, a noite, o frío da rúa e a calefacción dos salóns, repetindo case sempre o diálogo das cores icona da tempada: o negro con toques de branco. Arestora a pel é o signo dos tempos, un traxe adecuado para estes días nos que hai que loitar contra os elementos.

✻ ENTREVISTA
CON PROJECTO
[TREPJA] / PÁG. III

✻ MOSTRA: "MIRADAS"
EN CAIXA
GALICIA / PÁG. VI

✻ TEATRO: DÚAS
PEZAS DE ALBERT
CAMUS / PÁG. VIII

Condición
castrense

JOAQUIM VENTURA

Se hai unha división entre a especie humana, alén da biolóxica entre homes e mulleres e mais da económica, entre ricos e pobres, que supoña observar a vida dun xeito oposto, esa división é a establecida entre militares e paisanos. E digo paisanos do mesmo xeito que os xudeus alcuman xentís ou os xitanos, paíes, aos que non son coma eles. Aceptemos, pois, que case toda a humanidade somos paisanos de nacemento e de vocación aínda que, para o tribo castrense –sexa do país que sexa– esa maioría sexa una masa amorfa allea, incomprensiblemente, a eses seus valores chamados patriotismo, heroicidade, honra, valor, valentía, etc.

Do mesmo xeito que Clemenceau –primeiro ministro de esquerdas durante a Iª Guerra Mundial– dicía que a guerra é unha cousa dabondo seria como para deixala nas mans dos militares, non esquezamos aquilo que di que xustiza militar é á xustiza como a música militar é á música. Temos, polo tanto, dúas visións non só diferentes, senón opostas moitas veces, do que é a vida. Unha visión –protexida polo monopolio legal que da violencia teñen os exércitos– que contamina ao conxunto da sociedade, de xeito que vai vencellada ao espírito patriótico.

Por iso sempre me sorprende por non dicir outra cousa que nas festa nacionais desfilen os militares e non os médicos, as enfermeiras, os mestres, as policías locais ou os bombeiros. É dicir, os que teñen por profesión servir á cidadanía e salvar vidas. Pola contra, a lonxitude dos mísiles, as toneladas dos tanques, a velocidade dos avións de caza ou a teórica potencia de fogo da artilleira son a medida da patria.

Mais hai ocasións nas cales a tropa civil a que de, de súpeto, é obrigada a deixar tal condición para pasar a formar parte da tropa uniformada e armada. Esas ocasións son as guerras. Lonxe da máxima de Clausewitz, que afirmaba que a guerra non deixa de ser a política por outros vieiros, non hai nos nosos días xustificación posible para as guerras. Alén de que sirvan a intereses espurios, sexan de poder ou de negocio de armas.

Os militares están pre-



Marcel Gromaire: "A Guerra" (1925).

parados permanentemente para a guerra, mais os civís non. Cando oficinistas, obreiros, estudantes ou labregos pasa a estar unificados na común condición de tropa, deben esquecer a condición de vida que tiñan: obediencia por riba de todo e negación total de calquera dereito democrático. Mais tampouco están preparados para a medicina de guerra (amputacións, cegueiras, perda de sangue) os sanitarios de ambulatórios e hospitais.

Se hai unhas semanas escribiamos aquí que Guillaume Apollinaire, incapaz de empregar a palabra para describir a traxedia da guerra, tivo que recurrir ao deseño, o tamén francés Gabriel Chevallier (1895-1969) si tivo folgos para escribir as súas experiencias coma soldado entre 1914 e 1918. En 1930 publicou *La peur*, narración que ven agora de aparecer simultaneamente en castelán (*El miedo*, Acantilado) e en catalán (*La por*, Quaderns Crema). Lonxe da exaltación bélica que fixeron da guerra algúns decadentistas (coma D'Annunzio) ou vangardistas (coma Marinetti), Chevallier comezou a vivir a guerra coma quen vai de vacacións, convencido –polo discurso oficial– que a victoria sobre Alemaña era cousa de meses.

Na súa obra reflexiona –e fai reflexionar– sobre as marxes do fenómeno bélico. A febre patriótica que pasa a dominar aos cidadáns, o sadismo camuflado dos oficiais, o absurdo sacrificio de millares de soldados por gañar unha cota. A espléndida narración que Chevallier fai da súa peripecia leva a un paradoxo, no contexto da guerra. Conta que, cando se recuperaba dunhas feridas despois de estar en primeira liña de fogo, unhas enfermeiras –nenas ben recicladas en sanitarias– preguntáronlle como eran os alemáns: reconece, para estupor das rapazas, que non vira ningún vivo, só algúns mortos.

A guerra, e así o expón Chevallier, non é parafernalia dos feitos heroicos, o bruído do armamento ou a vistosidade dos oficiais. A guerra son quince familias rotas en cada cargamento de cadáveres dun camión, ilusións e vidas quebradas en cada amputación ou o noxo da podredume dos caídos.

A guerra e o medo

Chevallier comeza o seu libro cunha frase de Pascal que vén dicir que non cabe cousa máis chocante que pasar a ser inimigo do veciño da outra beira do río porque o meu príncipe teña un problema co seu. Nas guerras –e por consecuencia delas– outros homes pasan a ser os meus opostos en nome da defensa da patria.

Ninguén é mellor ou peor por nacer dunha ou outra banda dunha fronteira, moitas veces artificial. Porque, en definitiva, que é a patria? A patria que lle impuñan a Chevallier e a millóns de franceses, de alemáns, de austríacos ou de rusos eran, en verbas do autor de *La peur*, "unha xunta de accionistas, unha forma

de propiedade, espírito burgués e vaidade". Para o soldado-narrador Dartemont, a súa patria era a humanidade e, no concreto, Shakespeare ou Goethe.

E no nome da patria, imponen o deber de cumprir, a obriga de

A patria

matar e de aceptar morrer. Por iso quen máis mata ou quen mellor morre acada o nivel de heroe. E nada no mundo xustifica, di Chevallier, os millares de homes anónimos mortos que permiten que alguén acade a categoría de heroe.

Porque as palabras cargadas

de exaltación semántica (valor, sacrificio, valentía, honra, patria) soan baleiras nas bocas daqueles que non conciben unha loita incruenta. Preguntáronlle hai uns a un alto oficial se, coas novas tecnoloxías, as guerras poderían ser case un xogo de rol. "Non, amigo –respostou o militar–. Sen sangue non hai honra. »

Por iso cómpre desconfiar de quen estea disposto a morrer por unha terra. De certo sería capaz de matar por ela se chegase a ocasión. E se temos que marcar a diferenza cos veciños, que nunca sexa cunha bala ou cunha baioneta e menos por unha bandeira ou por un anaco de terra.

ENTREVISTA

Cil foi a cerna da banda, e como evoluíron cara á experimentación coa música e mais o baile tradicionais?

-Partimos do ensino da música tradicional e das recolleitas. Algúns de nós levamos anos indo polas aldeas, a gravar testemuñas da xente maior, que nos cantan as pezas da súa mocidade e tamén as de agora. E pouquiño a pouco, ao ir debruçando todo ese material, vimos que, por exemplo, dende o punto de visto do ritmo, hai cousas moi semellantes entre a música tradicional e a de vangarda: secuencias rítmicas curtas e repetitivas, moitos ritmos case tránsicos... Pareceunos moi interesante exprimir un pouquiño iso, a ver que saía.

-Como deconstrúen a tradición, logo?

-Gústanos coller distintos aspectos dos ítems culturais e contemporaneizalos, sen perderlle a esencia. Por exemplo, dependendo do que queiramos plasmar, ás veces extraemos simplemente o ritmo que se fai cun determinado instrumento, outras veces o baile

carácter á música. E no caso dos sampleos, son técnicas da música contemporánea que por que non se van poder aplicar á música tradicional? Moitas veces, a xente pensa na música tradicional como algo do pasado, algo morto, que hai que reproducir tal cal; porén, nós pensamos que é unha música de antes, de agora e de sempre. Por exemplo, nós fomos de recolleita no 2007 e esta música está viva en Galiza, moitas veces a un cuarto de hora das cidades en coche. Non é algo alleo ao século XXI e, como tal, por que non vai ser susceptible de incorporar todos estes outros instrumentos?

-No uso dos sámpplers, tampouco foron os primeiros. Aí está o exemplo de Mercedes Peón...

-Está claro: os primeiros non fomos, e Mercedes Peón é un referente para nós. Porén, é unha cousa que se fixo máis ou menos timidamente; sempre nos parecía algo anecdótico, e a nós gustábanos moito esa idea, por iso decidimos darlle case o papel principal no

noso grupo.

-Outro dos pés da súa trepia é a imaxe. Como integran a videocreación coa música e o baile?

-Agora estamos a experimentar con técnicas de *processing* e de vídeo interactivo cos bailadores, pero en principio o que facemos é proxectar vídeos pinchados en directo. A carga visual é parte moi importante do que trasmitimos; cremos que é fundamental que esas gravacións das recolleitas -algúns do arquivo da nosa asociación, O Tear de Llerena, e outras que van caendo nas nosas mans cheguen ao público. Que non sexa algo restrinxido a nós, que imos de recolleita e o gravamos, senón que todo o mundo poida velo.

-Igal que se facía tradicionalmente, non cinguen Vdes. as actuacións ao escenario, senón que saen con elas á rúa...

-Así é. Partindo da deconstrución, queremos aportarlle novos contextos á música e ao baile tradicional, sen quitarlle os que xa ten. Se a nós nos serven para expresar algo máis

do que toda a vida expresou, non nos imos cortar á hora de facelo. E nese sentido, chámamos moito a atención os ambientes urbanos, colocar a nosa música e o noso baile en sitios que, en principio, aparecen un pouco vedados.

-As reaccións non sempre son boas, e teño entendido que mesmo os botaron dun supermercado onde estaban a facer unha *performance*...

-Foi un pouco kamikaze facermos todo iso, si [risos]. Pero non nos botaron, que conste. O único problema é que estábamos gravando e, de feito, cando paramos, acabamos de facer a nosa actuación. Iso tamén nos deu cancha para tocar o tema do capitalismo, o mundo comercial imperante, que contrasta moito co estoutro mundo rural que nós reivindicamos.

-Atopáronse con algún purista que non entende o que fan?

-Calquera de nós, individualmente, é moi purista no tocante ao folclore. Algúns esta-



ELI REGUEIRA

que se fai nese determinado ítem... Estaba pensando agora na aña, un rito de fertilidade da terra que se fai na zona de Mondariz. Tradicionalmente, as mulleres tocan nos sachos mentres un home as vai sacando a bailar dunha en unha. Nós collemos iso, dámoslle a volta e, un pouco con carácter reivindicativo, son as mulleres as que van sacar ao home.

-Nas súas pezas utilizan moitos instrumentos de percusión tradicionais...

-Coido que das primeiras cousas que chaman a atención cando empezas a ir de recolleita e ver con que instrumentos se fai realmente a nosa música, e son do máis variado: sachos, latas de pimentón, tixolas... É unha riqueza enorme, todo un patrimonio inmenso de instrumentos populares que tampouco acabamos de ver plasmados na música galega actual. Por iso mesmo tamén nos apetecía incluílos.

-Engaden, ademais, elementos electrónicos: sampleos, baixo eléctrico, batería electrónica, mesmo a zanfoña electroacústica.

-En Galiza, a zanfoña ten un pasado con controversia, xa que aínda non nos damos aclarado coas orixes, pero o certo é que é un instrumento que está presente na nosa tradición e... non sei, sempre me preguntan por que en 'trepja non hai gaita. Pois non hai gaita porque eu non sei tocala [risos]. Pero temos a zanfoña, que tamén lle imprime moito

Projecto ['trepja]

“Queremos aportarlle novos contextos á música e ao baile tradicionais”

A trepia é un utensilio de ferro con tres pés sobre o que se poñen as olas ao lume. E tres son tamén os pés -música, baile e imaxe- desde os que se ergue Projecto ['trepja]. Alexandre Outeiro, un dos seus compoñentes, achéganos esta innovadora proposta, na que a tradición se deconstrúe, vólvese contemporánea e atopa novos contextos

mos noutros grupos de música tradicional, sendo moi conscientes do que facemos e con moito coidado e respecto, como sempre; pero tamén nos apetece estar neste proxecto e innovar.

-Que lles aportaron os premios GZCrea, o 1º en música e o 2º en videocreación?

-Foi o pistoletazo de saída para definitivamente acabarnos de crer que a idea funcionaba e que podíamos tirar para adiante con ela. Xa estábamos moi seguros dende o principio, pero claro, presentarte a un concurso no que concorre moitísima xente do rock, do pop, doutros estilos nos que Galiza está sendo unha canteira, e que che dean o primeiro premio... Foi unha unha alegría moi grande, e que nos impulsou a seguir definitivamente.

-Teñen seis temas gravados, que se poden escoitar en www.myspace.com/projecto-trepja, e descargar n'A Regueifa Plataforma (aregueifanetlabel.blogspot.com). Pensaron xa en gravar algo máis amplo?

-Queremos facer unha gravación nova, co sonque ten agora mesmo a banda, e que seguramente tamén incluírá DVD. Nos vindeiros meses, supoño que traballaremos arreo, e a partir de outubro comezaremos unha xira de concertos por locais en Galiza, aínda que xa temos dúas datas este verán: o 4 de xullo na Mostra das Culturas en Boiro, e o 18 de xullo en Pontevedra, dentro do "Vai de Camiño".

Tempo de *Grial*

Galicia Radio Galicia

 LUCÍA SEOANE

1933. Os primeiros anos" é o título dunha das seccións –de feito, a destacada xa na portada desta nova entrega– que ofrece a revista *Grial* –a alcanzar o número cento oitenta da súa traxectoria– no caderno correspondente aos tres últimos meses do ano pasado e que agora chega aos andeis das nosas librerías. Desta maneira, Xosé Soengas abre a referida sección co traballo que ten por título "75 anos de radio en Galicia. Discurso de case un século" e que leva adiante un percorrido pola historia das ondas no noso país ata proxectar un tempo futuro que, na súa opinión, pasa pola diversidade de ofertas, "conxugando unha boa convivencia entre as emisoras temáticas e as xeneralistas" e, desde logo, "adaptando os contidos ás necesidades dos cidadáns". "Unión Ra-



dio Galicia. A emisora do Estatuto" é a aportación de Artu-

ro Maneiro Vila ás páxinas de *Grial*: a memoria da primeira emisora, instalada en Santiago de Compostela, da empresa Unión Radio en Galicia, en xaneiro de 1933. O codirector da revista, Víctor F. Freixanes é o autor, da súa parte, unha análise dos primeiros anos do galego na radio 1933-36, incidindo en apartados

como a presenza nas ondas de Mosquera Pérez (1895-1965), o primeiro personaxe real-

mente popular da radio galega. En fin, Mónica Rebollo Vázquez escribe arredor de "A voz do exterior. A radio galega máis sentida".

Non obstante, *Grial* presenta, como é habitual, outras seccións; tal é o caso de "Temas do noso tempo", coas aportacións de Andrés Torres Queiruga –"O novo concepto de revelación e o (posible) diálogo co Islam"; Xulio Prada Rodríguez –"Nacionalismo e represión franquista. O caso de Ourense"– e Ivo Castro –"Galiza no espazo cultural e simbólico da Lusofonia". Ou tamén "Documentos", con catro inéditos de Ramón Piñeiro, e mais unha conversa con Víctor Fuentes, testemuña de medio século de exilio americano.

Os espazos dedicados a "O rego da cultura", "Creación" –da parte de Olalla Cociá e Xabier López–, "O espello das letras" e "Crónica" veñen completar, entón, as páxinas de *Grial*: unhas páxinas ás que, de novo, saudamos desde estoutros de FARO DA CULTURA.

VV. AA., *Grial*, nº 180, Ed. Galicia, Vigo, 2008, 139 páxinas

Das entrañas da Historia

Terra, directa e sinxela

 DORINDA CASTRO SOLIÑO

Natacha Appanah é unha escritora nacida en Maérbourg, illa Mauricio, o 24 de maio de 1973, descendente dunha familia india. Comeza a escribir moi nova no seu país de orixe. En Francia, onde reside desde 1998, remata os seus estudos de xornalismo e edición e na lingua gala e na afamada editorial Gallimard, publica unha serie de novelas gañadoras de varios premios e coas que acadou gran éxito: *Les Rochers de Poudre d'Or*, *Blue Bay Palace* e *La Noce d'Anna*. No ano 2007 saca ao prelo *Le dernier frère*, premio de novela FNAC, premio dos lectores de *L'Express* 2008 e, no mesmo ano, premio Cultura e Bibliotecas para Todos.

Mercé ao traballo de tradución de Emma Lázare Rodríguez, podemos atopar xa nos andeis das librerías esta fermosa novela baixo o título de *O derradeiro irmán*, que a editorial Xerais publicou na súa colección "Fóra de Xogo" para achegala ao público xuvenil. Mais *O derradeiro irmán* é unha moi recomendable lectura para calquera público pola conmovedora historia que nos narra e pola linguaxe tenra, directa, sinxela e poética coa que está contada. E é que o vello Raj, protagonista e narrador en 1º persoa relátanos a súa infancia e a historia dunha amizade que o marcará para sempre, coa sabeduría da vellice e mais coa tenrura e inocencia dun neno de 10 anos. Os recordos, aínda que peneirados polo paso do tempo, non perderon nin a tenrura coa que foron vividos nin o dramatismo dos momentos máis amargos.

Guiados, xa que logo, polo vello Raj, realizamos unha viaxe no espazo e no tempo cara a un campamento de Mapou onde vive os primeiros anos en condicións extremas e logo a Beau Bassin, en plena selva, a onde se trasladou a familia e onde o pai, borracho e maltratador, vai traballar de funcionario na prisión do lugar. Alí, nun episodio descoñecido ocorrido durante a 2ª Guerra Mundial, van parar 1500 xudeos que embarcaran no Atlantic no ano 1940 fuxindo do nazismo. Querían chegar a Palestina pero chegados a Haifa, ao careceren de documentación, son deportados a illa Mauricio entón colonia británica e son internados na prisión ata 1945. Nela comeza Raj a súa amizade con David, un neno como unha aparición, como un desexo, como un ser ao que a historia lle arrincou a voz e a vida.

O vello Raj, case pedindo desculpas por ter sobrevivido, garda durante anos na súa memoria os vivísimos recordos das cores da selva, dos seus rigores, a dozura da súa nai media meiga, a dor das malleiras do seu impenetrable pai e a loita sobrehumana por unha amizade que é o único elo coa infancia. Ata que a Historia, xa de maior, lle dá unha cruel explicación e un bo día, desde a placidez, desde a honestidade, desde a bonhomía coa que, a pesar de todo vai construír a súa vida, enfía as palabras e lle pon voz á memoria.

Unha pequena historia xurdida das entrañas da Historia con maiúsculas esa que non conta os dramas, as feridas, as cicatrices dos pobres da Terra.

APPANAH, Nathacha, *O derradeiro irmán* (trad. Emma Lázare), Ed. Xerais, Vigo, 2009, 187 páxinas




Prosa fluída

Na épica do perdedor

 XOSÉ FEIXÓ

Temos nesta ocasión o dobre pracer de saudar un novo selo editorial (Edicións Morgante, intimamente relacionado con Rinoceronte Editora, criaturas de Moisés Rodríguez Barcia que veñen renovar, rexuvenecer e revitalizar a edición galega, non só con novos títulos, senón sobre todo con ideas audaces e necesarias que dinamizan o noso panorama cultural, ou iso intentan, obrigación que moitos, en todos os ámbitos, moi ben tratados polo establishment, non cumpren, aínda que si reciben, sen o menor recato o co maior descaio, os meles do erario e o aplauso dos convintes) e a primeira novela dun novo autor, Manuel Jabois, do que podemos esperar obras de sumo interese.

Á marxe da polémica sobre o título, coincidente cun poemario (*La estación violenta*, 1958) de Octavio



Paz (premio Cervantes, premio Príncipe de Asturias e premio Nobel en 1990), xa

que o artigo 10 da LPI, no seu punto 2, establece que "O título dunha obra, cando sexa orixinal, quedará protexido como parte dela", cousa que, sen dúbida, non é froito máis que da maior das casualidades, o certo é que estamos ante unha obra incontestablemente orixinal, cuxa lectura, por momentos, chega a ser moi gratificante, pois, en efecto, acadou o libro trazos de gran literatura, nos que algúns lectores chegan a ver influencias de grandes escritores, o que vén confirmar o dito anteriormente, sexa iso certo ou froito de buscar comparacións noutras literaturas de referencia.

Escrita de forma amena e lixeira, induce á lectura continuada, e, por veces, á relectura, ben por recrearse na prosa fluída, ben por evocar ou reinte-

pretar o contido. Os personaxes, mozos desencantados da vida, envoltos na épica do perdedor, no romantismo, na vida que se desenvolve, desgraciadamente para uns, sen ganas de madurar para outros, cousas que, co transcurso do tempo, fan que se vexan melancolicamente, perdido o paraíso da mocidade, desencantados da súa sorte e das súas experiencias vitais. E todo isto, narrado dun xeito acertado nas formas e no fondo: soltura literaria e lingüística para chegar a transmitir os profundos e sinceros sentimentos dos personaxes nas súas convulsas e variadas experiencias, rematando a novela coa mesma sensación de tristura que impregna toda a obra: "máis aló das nubes rosadas do atardecer, a mancha gris da cidade baixou un ceo recortado pola cegadora saia vermella do crepúsculo. Todo non era alleo e hostil. Levantei o queixo e durante moitos anos ese xeito foi o único que puideron lembrar das últimas semanas daquel verán". Parabéns ao editor e ao editado.

JABOIS, Manuel, *A estación violenta*, Ed. Morgante, Cangas, 2009, 166 páxinas

Pamuk en estado puro

Profundo lirismo intimista

HEÍTOR MERA

A editorial Galaxia vén publicando na nosa lingua, e nos últimos tempos, a obra do premio Nobel de literatura Orhan Pamuk (Istambul, 1952), autor de títulos como *Escuridade e luz* ("Karanlık ve Işıık", 1974), *A casa do silencio* ("Sessiz Ev", 1983), *A nova vida* ("Yeni Hayat", 1995) ou *Neve* ("Kar", 2001). A aposta pola arte deste autor a través da Biblioteca Compostela de Narrativa Europea fai, que habendo certa regularidade na edición das súas obras, como a xa comentada no seu momento *O castelo branco* ("Beyaz Kale" 1985), a publicación das memorias do autor istambulita conteña todo un valor engadido. Non lle chega ao lector galego esta obra descontextualizada, senón que é alicerce das anteriores lecturas que del se puideren facer. Ler, por exemplo,

autor redacta sen torcer o rego, clariño e conciso, sobre as súas experiencias de infancia, o álbum familiar, a súa relación coa cidade que o veu nacer e medrar, coas súas xentes... en fin, o percorrido dunha aprendizaxe sentimental. Toda esta información dá claves interpretativas para comprendermos a súa obra, o seu quefacer. É que por moita imaxinación, por moita literatura fantástica que impregne un texto ou textos, de fondo sempre hai unha memoria adquirida, que non se debe deixar ao pairo na análise textual. De

AUTOR REDACTA, SEN TORCER O REGO, O ÁLBUM FAMILIAR, AS SÚAS EXPERIENCIAS ARREDOR DUNHA CIDADE SINGULAR

aí a importancia da hermenéutica de autor na literatura en xeral e no caso, agora, de Pamuk, en particular.

Istambul. As lembranzas e a cidade –en tradución ao galego de Bartug Aykan e Lara Domínguez– constitúe, xa que logo, un verdadeiro agasallo que nos permite entrar na intimidade do premio Nobel turco. Sempre coa cidade de fondo, como marco dese gran lenzo que é a súa vida, cun profundo lirismo intimista e unha prosa directa, entretida e delicada, o lector poderá gozar non só dunha vida; tamén

podrá ver as variables sociais, políticas, relixiosas e étnicas dunha cidade tan complexa como a antiga Constantinopla –logo Bizancio, logo Isamtul– e dun pobo que vive o día a día mergullado nesas contradicións que o fan xenuíno e misterioso a un tempo perante os ollos dun lector occidental. Occidente e Oriente, xa que logo, dúas formas de ver as cousas, fite a fite, nun diálogo constante e con máis influencias dos uns nos outros do que nun principio semella. Todo isto e máis é *Istambul*. Páxinas para atoparmos a Pamuk en estado puro.

PAMUK, Orhan, *Istambul. As lembranzas e a cidade* (trad. Bartuk Aykan/Lara Domínguez, Ed. Galaxia, Vigo, 2009, 510 páxinas)

Materia escura

Comer dos froitos da árbore

DOLORES MARTÍNEZ TORRES

A novela que imos comentar constitúe a segunda entrega da triloxía "A materia escura", se cadra a obra máis coñecida do escritor Philip Pullman (Norfolk, 1946). O primeiro título, *A aurora boreal*, xa fora publicado por esta mesma editorial; e o derradeiro, *O anteoillo de ámbar*, aparecerá proximamente. Aínda que cada volume pode lerse de xeito independente, non está de máis lembrarles aos que non teñan a man a primeira novela, onde se presentan moitos dos personaxes e liñas argumentais, que aquela foi levada ao cine co nome d'*A brúxula dourada*. A pesar de que a película, visualmente preciosista, resulta unha versión descafeinada do texto de Pullman, serve para introducirnos na atmosfera dese universo paralelo, onde a xente vai acompañada -a modo de alma, conciencia ou anxo da garda- polo seu daimon ou espírito animal; un mundo de humanos, bruxas, chamáns e osos acoirazados, onde se prepara unha nova rebelión contra o Creador e onde, entre un Oxford decimonónico e as xeladas inmensidades do frío norte, transcorren as aventuras da xoven Lyra Belacqua, portadora dun peculiar instrumento, o aletímetro, que ten a virtude de sinalar a verdade.

O coitelo sutil comeza no Oxford contemporáneo, coa fuxida de William Parry e a súa nai, perseguidos por uns desconecidos que pretenden apoderarse de certos documentos propiedade do pai do


rios- está relacionado intimamente, e que ambos teñen reservado un papel crucial na inminente batalla que, de novo, levantará en armas os exércitos cósmicos: dun lado, os defensores do libre albedrío e doutro, os seguidores estritos da autoridade.

A diferenza doutras novelas para o público xuvenil, limitadas a un argumento de intriga e aventura, ás veces puramente fantástico e, as máis, maniqueo, "A materia escura" -cuxo título xenérico procede dun verso do Libro II do *Paraíso Perdido* de Milton- presenta, ademais dunha trama entretida, con medido suspense, un trasfondo filosófico, con caracteres ambivalentes e cheos de matices, capaces de errar e de rectificar, de traizoar e de sacrificarse. Moito se ten falado do ateísmo de Pullman, mais a crítica contra a relixión que se infire da súa obra non semella dirixida tanto contra a conciencia do ben e do mal como contra os conceptos de caída ou pecado, derivados dun dogmatismo ceo que impide a



a novela antes citada e recrearse nas vivencias, lembranzas e reflexións do autor vén configurar, de seu, un auténtico luxo polo cariz interpretativo que é quen de nos achegar.

Certamente, o acto lector pode enfocarse como a cadaquén lle pete. Hai moitos posibles puntos de vista e, desde logo, ben diversas variables interpretativas. Con *Istambul* –"Istanbul: Habralar ve fiehir", 2005–, a hermenéutica de autor, posibilidade interpretativa moi defendida por certos estudosos da literatura, é unha posibilidade evidente, pois é posible conecarmos as/coas vivencias, sentimentos, reflexións e demais teimas que un escritor concreta coa literatura que nos deu (e dá, neste caso). Trátase dunha opción máis de coñecemento e proximidade á súa obra. O horizonte hermenéutico –é dicir, os coñecementos interpretativos previos que se teñen sobre unha obra e un autor determinados– amplíanse notablemente con estas memorias. O



UN LIBRO COA CAPACIDADE DE CREAR FUTUROS LECTORES PARA OUTROS NOVOS E MÁXICOS VOLUMES

rapaz, un explorador desaparecido hai anos durante unha expedición ao Ártico. William mata accidentalmente un dos perseguidores e, cando trata de esconderse, atopa por azar unha fiestra aberta a outro mundo, a través da cal penetra nunha vila habitada unicamente por nenos, pois os adultos foran eliminados por uns seres terribles -os Espectros- que lles chucharan os azos e as ilusións, sumíndoos nun tronso de anuladora indiferenza. Alí coincidirá con Lyra e o seu pequeno daimon Pantaliamon, fuxitivos tamén do seu propio universo. A medida que avanza a historia, descóbrense que o destino dos dous rapaces -cos seus distintos caracteres e obxectos de poder, enfrontados e á vez complementa-

reflexión e anula a liberdade. Comer dos froitos da árbore da ciencia significa, se cadra, perder a inocencia, abandonar o paraíso da infancia; mais tamén implica a afouteza de reflexionar e de elixir, de aceptar as responsabilidades e de asumir as consecuencias. É a ignorancia a que fai os escravos; e polo tanto, semella, lícito rebelarse contra a escravitude. Se, como dicía Harold Bloom, os libros de Harry Potter fan futuros lectores para Stephen King, pode que "A materia escura" os prepare para gozar das visións de Blake ou de Swedenborg, e aínda para chegar a interesarse polo mesmísimo Libro de Enoch.

PULLMAN, Philip, *O coitelo sutil* (trad. Fernando Moreiras), Faktoria K, Vigo, 2009, 271 páxinas


A Fundación Caixa Galicia está a desenvolver unha revisión dos seus fondos artísticos ao longo de todo o presente ano e faino por medio de catro mostras nas que catro comisarios ofrecen (ofrecerán) as súas olladas sobre a colección. As dúas primeiras exposicións *Galicia até 1975* e *Desde o informalismo ao multicolor*, que xa se poden contemplar en Lugo e A Coruña, repasan, da man de Fernando Huici e Alfonso de la Torre, a arte galega de boa parte dos séculos XIX e XX, nun caso; e a arte peninsular da segunda metade do XX, no outro. Este proxecto terá continuidade cunha nova exposición dedicada á arte galega a partir de 1975, que terá lugar en Ferrol e outra que se centrará en ofrecer un diálogo entre a nosa arte e as vangardas internacionais, que estará en Santiago de Compostela a partir de outubro.

Centrándonos xa nas dúas primeiras propostas, ao contempladas unha en relación coa outra, podemos interpretalas como unha cartografía con puntos de referencia xerarquizados que establecen ligazóns dinámicas e estimulantes entre elas, desde a estética romántica até as propostas do noso presente.

Na primeira das "Miradas", dedicada á arte galega, os fondos da institución permiten un achegamento ben amplo desde arte decimonónica, representada por Pérez Villaamil, Ovidio Murguía ou Isidoro Brocos até as obras da década dos setenta de pintores como Jorge Castillo ou Anxel Huete. Naturalmente o repaso a este longo período é realizada cos fondos dunha colección, moi rica mais inevitabelmente parcial, salientando en positivo o conxunto excepcional de obras de Urbano Lu-grís, pinturas imprescindibles para o achegamento á obra do pintor coruñés. Tamén, pola súa novidade, cómpre subliñar a presenza dunha obra de Maruja Mallo recentemente adquirida pola institución: *Estrellas de mar* (ca. 1945), pintura que hai que pór en relación cos murais realizados pola artista en Bos Aires, no cinema Los Ángeles, cos que comparte un común dinamismo e uns trazos matemáticos semellantes, con figuras femininas xeometrizadas que xiran arredor dun eixo central nun universo acuático e abisal.

Evidentemente, neste repaso a case dous séculos da nosa arte, que fornece Galicia até 1975, non faltan os nomes chave na evolución da nosa arte: Castelao, Asorey, Maside, Seoane, Souto, Colmeiro ou Laxeiro. Tamén está a obra do Picasso "galego": trátase dun papel, debuxado polas dúas faces e realizado na Coruña cando o pintor contaba con apenas trece anos, unha escena popular galega, que testemuña a ligazón co medio no que estaba a vivir.

Desde o informalismo ao multicolor, presenta, na sede d'A Coruña, outro aspecto da colección que nos últimos anos adquiriu un



Visións dunha colección

Miradas en Caixa Galicia

CARLOS L. BERNÁRDEZ

Esta revisión dos fondo de Caixa Galicia realízase nun momento no que a colección da institución acaba de ser acrecentada de xeito substancial ao adquirir 36 obras de arte pertencentes ao grupo vasco Baensa, do empresario José Ignacio Basáñez. Trátase dunha adquisición de creacións dalgúns dos

peso ben relevante: a arte peninsular, non galega, con personalidades tan importantes como Antoni Tàpies, Eduardo Chillida, Rafael Canogar, Cristino Mallo, Esteban Vicente, Jorge Oteiza, Antonio Saura, Manolo Millares, José Guerrero... no que atinxe a nomes de autores xa clásicos na arte española do século XX; alén diso é

igualmente destacada a listaxe de artistas –escultores e pintores– da arte máis recente: Eduardo Arroyo, Miquel Barceló, Susana Solano, José Manuel Broto, Carmen Calvo, Miquel Navarro, Jaume Plensa, Soledad Sevilla, Luis Gordillo, Cristina Iglesias...

Cómpre salientar a presenza de artistas portugueses na colec-

ción Caixa Galicia, que é produto dunha vontade de comunicación cun espazo cultural de enorme atractivo como é o luso e tamén consecuencia da dinamización das relacións culturais entre Galicia e Portugal. O contacto artístico da últimas décadas tivo entre outros froitos o espallamento da arte nova do país veciño entre nós, que ten como boa proba as exposicións de artistas como José Pedro Croft, João Onofre, Vasco Araujo ou Rita Magalhães; outras mostras realizadas por diferentes institucións galegas con fondos portugueses ou a colectiva Outras alternativas: novas experiencias visuais en Portugal, que realizou o MARCO en 2003.

Neste contexto hai que entender a presenza na colección de figuras fundamentais da arte lusa como Helena Almeida, Pedro Cabrita Reis, Julião Sarmento, Rui Chafes ou José Pedro Croft.

pintores e escultores internacionais e españois máis destacados do século XX. Entre as obras adquiridas pola

De Chirico, Picasso, Miró, Gris, Chagall ou Kandinsky, entre outros..

Estas obras eran ben coñecidas porque por desexo do anterior propietario, a totalidade do seu patrimonio artístico, integrado por 65 obras de arte, fora depositado e exhibido provisionalmente no Museo de Belas Artes de Bilbao.

Colección Caixa Galicia nesta operación áchanse importantes pezas de autores como Braque, Léger, Dalí,

Colección enriquecida

INFANTIL/XUVENIL

Ver bolboretas

Da man da colección 'Ler é vivir' presenta Everest Galicia *Aliñas de cristal*, un texto de Marta Rivera Ferner que adapta ao galego Irene Pena Murias e que segundo reza na contraportada traballa dalgunha forma temas como a fantasía e o medio natural. Os seus destinatarios son nenos de cinco anos que orientan os sentidos cara á lectura, facendo un percorrido visual polas ilustracións cheas de colorido e polos textos con liñas unhas veces rectas, outras curvas e outras onduladas.

A vida de Erea no campo transcorre feliz. Entre debuxo e debuxo pasan as horas para a rapaza que queda impresionada cando da caixa de cores que lle regalara seus pais sae un arco da vella que lle inunda os ollos de cor. Directamente proporcional a esta impresión positiva resulta ser o estado de desolación que se produce tras caerlle ao río a flamante caixa que, ao momento, tingue de cores as augas, unhas augas que lle devolverán as prezadas pinturas en forma de fermosas bolboretas de cristal.

Mentres Erea agarda polas súas cores, un percorrido polas

Fantasía e medio natural

MARÍA NAVARRO



esta - cións do ano ameniza a lectura dos cativos que poderán percibir os cambios que cada certo tempo se producen ao seu redor. Ao caloroso verán séguelle o parda-cento outono, a este, o frío inver-

no e de novo a alegre primavera. Completa así un ciclo que dura todo un ano e que, lonxe de ser tedioso, resulta encantador no seu conxunto, porque permite captar o aspecto momentáneo e cambiante das cousas partindo dos efectos ópticos da luz e das cores, todo un exercicio de impresionismo que mergulla o lector nun mundo maravilhoso de fantasía, onde se escoita como os sons da auga se manifiestan en forma de palabras e manteñen a atención da protagonista e por extensión a daqueles que, coma ela, soñan con mundos novos reinventados en cada debuxo, en cada día, en cada estación.

A tensa espera desemboca nun estado de vibracións que lle/nos fan ver bolboretas alí onde se abren as fiestras da imaxinación: unhas veces para viaxar a mundos descoñecidos, outras para valorar a riqueza que nos rodea e outras para mimetizarnos co medio a favor dunha amable harmonía natural

RIVERA FERNER, Marta, *Aliñas de cristal*, Ed. Everest, A Coruña 2009, 48 páxinas

En xeito popular

Nos últimos meses de 2008 Kalandraka editora tirou do prelo *Historia da resurrección do papagaio*, un conto sinxelo de estrutura acumulativa que pon de manifesto o xa coñecido talento literario de Eduardo Galeano, quen desta volta aparca os trazos que mellor o caracterizan e que enmarcaron a súa obra na combinación do ensaio, de fonda análise política e histórica, e da ficción para recrear unha lenda orixinaria do Brasil centrada nos sentimentos contrapostos que producen os conceptos da vida e da morte.

A curiosidade leva o papagaio a morrer afogado nunha pota fumegante tras o cal os seus amigos choran e lamentan a súa morte. A nena que chora, o lume que esmorece, o muro que perde unha pedra, a árbore que perde as súas follas ou o ceo que fica sen cor amosan, cada un ao seu xeito, o seu pesar. O oleiro recolle todos estes sinais de dor, xúntalos, e con eles consegue devolverlle a vida ao animal. Este desenvolvemento acumulativo, estruturado con brillantez, permite ao autor pechar a historia cun epílogo que presenta o papagaio como un ser que agroma da mágoa e coñecemos tamén un ser

Magnífica conxunción

PAULA FERNÁNDEZ



que contén no seu aspecto físico moitos dos trazos de quen lle devolveron a vida.

A narración garda unha íntima relación coa literatura popular, xa non só polo feito de estar baseada nunha lenda popular,

senón tamén pola inclusión de recursos de tipo repetitivo tales como o paralelismo ou a anáfora, á beira da expresión narrativa que permite reconecer en quen le a figura dun narratorio. Todo o devandito mestúrase para que os lectores e lectoras adquiran un coñecemento que promove o valor da amizade, dos sentimentos e do afecto, xa que, segundo deducimos, cando estes son grandes e verdadeiros, pódese vencer incluso á morte.

A tradicionalidade do motivo orixinario e da súa forma escrita contraponse á modernidade da proposta estética de Antonio Santos, baseada en esculturas de madeira pintada que visualmente evocan efectos tridimensionais e que contribúen así a transportar unha crenza antiga á actualidade dunha maneira moito máis atractiva. Temas universais ás veces difíciles de transmitir aos máis novos que nesta ocasión chegan con éxito grazas a unha fantástica conxunción entre o autor do texto e o das ilustracións.

GALEANO, Eduardo/SANTOS, Antonio *Historia da resurrección do papagaio*, Ed. Kalandraka, Pontevedra, 2009, páxinas

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

A Casa de Andrade

José Francisco Correa Arias
Editorial Toxosoutos. 760 páxinas

Este traballo desenvolve o tema da nobreza galega de finais da Idade Media a través da Casa de Andrade, desde as

támara, cando os Andrade e outros cabaleiros galegos se aliñan co pretendente don Henrique. A partir destes supostos analiza a evolución da nobreza galega e do seu papel na perda de peso de Galiza no conxunto da Coroa. Este volume levou o Premio Historia Medieval de Galiza e Portugal, 2008.



Conversas con Celso Emilio

Ramón Nicolás
Edicións Xerais. 192 páxinas

Este volume mergúllanos na significativa personalidade dun dos grandes escritores da literatura galega. Ramón Nicolás rescata a a palabra do poeta celanovés cando se cumpren trinta anos do seu pasamento, para dar conta das súas opinións políticas e literarias, e para introducirnos no "uni-

verso Celso Emilio", que en boa medida goza de plena actualidade e validez. O autor compilou e ordenou temáticamente as máis das entrevistas que se lle realizaron a Celso Emilio en medios escritos durante a súa vida e, como nun xogo de espellos, recupera o seu criterio e a súa presenza.



Cartas de amor a Stalin

Juan Mayorga
Editorial Galaxia/Xunta de Galicia. 231 páxinas

Autor preocupado por problemáticas diversas e pola exploración de diferentes rexistros e recursos no tratamento da materia dramática, Juan Mayorga é un autor prolífico que obtivo diversos premios, entre os que destacan o Nacional de Teatro (2007), e o Max ao mellor autor dramático (2006 e

2008), sendo a súa obra traducida a diversos idiomas e estreada en Europa e América. Este volume recolle tres pezas fundamentais na súa traxectoria, *Cartas de amor a Stalin*, *Himmelweg* e *A paz perpetua*, que dan conta do seu compromiso vital coa tolerancia, coa liberdade e coa poesía.



Pequeno panteón portátil

Alain Badiou
Edicións Laiovento. 127 páxinas

Aqueles que arredor de 1965 tiñan entre vinte e trinta anos, atopáronse cun número excepcional de mestres no eido da filosofía: Os vellos como Sartre, Lacan ou Canguilhem estaban aínda en plena actividade intelectual; os que eran algo máis novos, como Althusser, andaban a despreparar a súa obra, e toda unha

xeración, os Deleuze, Foucault, Derrida, estaban a entrar en escena. Badiou, unha das máis importantes figuras da filosofía actual, considerou de xustiza reunir as análises que, ao longo de anos, consagrou a "aqueles aos que debo o significado, sempre inhumano en tanto que nobre e combatente, da palabra filosofía.



Vai para un par de anos que a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, en colaboración coa Editorial Galaxia, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, poñía en marcha un servizo propio de publicacións coa finalidade implícita de contribuír a encher un baleiro editorial endémico no campo da literatura dramática e dos estudos escénicos. A obra coa que se abre a colección, titulada *Cento vinte e cinco anos de teatro en galego*, recollía traballos moi diversos, entre os que agora lembramos o escrito por Noemí Pazó, que daba conta do universo da tradución de textos dramáticos para a nosa lingua, ámbito especialmente deficitario se consideramos que aínda non dispoñemos, por exemplo, da obra completa de William Shakespeare.

Hai pouco menos dun mes, chegábanos a nova de que a ESAD de Galicia, cos patrocinios antes sinalados, e coa cooperación necesaria de Galaxia, presentaba novos volumes nesa súa colección, agora vinculados cun proxecto para trasladar á lingua galega unha mancha de textos que poderíamos considerar como clásicos universais ou contemporáneos. Anúncianse traducións de autoras como Caryl Churchill ou Sarah Kane, de dramaturgos fundamentais como Jean Genet, Peter Handke ou Heiner Müller, pero tamén se considera a necesaria edición de clásicos máis populares como Antón Chékhov, Arthur Adamov, Pierre Marivaux ou Richard Brinsley Sheridan. Un proxecto que se vén sumar aos que desenvolven outras institucións e casas de edición e que vai supoñer un forte incremento da literatura dramática dispoñible en lingua galega, o que pode incentivar a creación teatral ademais de facilitar a docencia e o traballo diario en aulas e estudos de teatro.

Para iniciar esta nova xeira, escolléronse dous textos de Albert Camus, traducidos por Inmaculada López Silva, reconecida novelista e cronista habitual en revistas culturais e de teatro. Son dous textos que mostran, de maneira precisa, o universo hostil en que Camus sitúa uns personaxes para os que non cabe ningunha posibilidade de futuro que non sexa baleiro, derrota ou morte. Tanto *Calígula* como *O malentendido* son dous exemplos dunha tendencia literaria que Camus vai desenvolver desde *O estranxeiro* e sobre a que ofrece interesantes consideracións nun traballo teórico titulado *O mito de Sísifo*, onde formula os principios do absurdo, de-

Dramas universais en lingua galega

 MV GARCÍA

nominación que anos despois Martin Esslin vai utilizar para referenciar a obra dramática de Beckett ou de Ionesco.

Trátase de dúas pezas dunha actualidade evidente, que nos sitúan diante das miserias máis recorrentes dun ser humano dominado pola ambición do poder, pola crueldade ou pola avaricia, e que acaba por consumirse na máis abso-

luta degradación. Con todo, son dúas pezas que aínda posuindo unha mesma cerna existencial presentan argumentos ben diferentes.

Calígula, que recrea algunhas das peripecias máis notables do emperador romano, mostra os efectos da insatisfacción pero tamén a maneira en que a barbarie acaba por ser cousa de moitos, dos que a incitan directamente e dos que a

manteñen co seu silencio cómplice ou coa súa colaboración evitable. *O malentendido* recrea un universo pechado e hostil, que en certa medida nos fai lembrar as atmosferas irrespirables de Dostoevski ou Kafka. Nese inferno íntimo conformado por silencios permanentes e frustracións innúmeras, habitan dúas mulleres, nai e filla, responsables dunha casa de pen-

sión na que recala, despois de vinte anos, Jan, fillo de María e irmán de Marta, que, ao non ser recoñecido, acaba engrosando a pila de cadáveres cos que as dúas mulleres incrementan a súa riqueza material e a súa podremia moral.

O volume vai precedido dunha interesante introdución, asinada por Norma Rodríguez, na que se ofrece abundante información verbo da traxectoria vital e literaria de Albert Camus, así como algunhas claves para a lectura e a interpretación de dous textos sobresaíntes, sobre os que se ofrece unha análise por menorizada.

CAMUS, Albert, *Calígula, O malentendido*, Vigo, Editorial Galaxia, 2009, 230 páxinas.

Dúas pezas de Albert Camus



Entre nós

Hai anos, Manuel Guede dirixiu unha primeira versión galega de *Calígula* desde o Centro Dramático Galego, na que destacaba o traballo de Antonio Durán "Morris", actor que encarnaba ao emperador romano. Algúns anos antes, contra 1991, Eduardo Alonso xa presentara, con Teatro do Noroeste, o espectáculo *Os xustos*, baseado nun texto homónimo do dramaturgo francés traducido por Xosé Manuel Beiras e que se publicaría nos Cadernos da Escola Dramática Galega, empresa admirable de Francisco Pillado Maior. *O estranxeiro*, a novela fundamental do autor e quizais a obra súa máis emblemática e coñecida, tamén tivo unha versión galega realizada por Valentín Arias.

Estes dous textos veñen encher un baleiro fundamental pois estamos ante un dos dramaturgos máis importantes do século XX, un autor que igualmente destaca por ter formulado principios básicos, no plano literario, do movemento existencialista, pero tamén desa tendencia que se vai denominar teatro do absurdo e que mellor sería definir como teatro do paradoxo, por seguirmos a atinada proposta de George Wellwarth. En efecto, pois autor que verdadeiramente se pode considerar como central nesa tendencia da literatura do absurdo sería Camus, e con el Kafka e tamén Dostoevski. Estas dúas pezas serven, xustamente, para mostrar unha existencia carente de lóxica, e polo tanto absurda.